



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

## **1. Xustificación do plan de convivencia**

### **A. Compartindo marcos conceptuais**

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

Os plans de convivencia deben asumir tamén o espíto e a intencionalidade dos plantexamentos básicos da *Lei de Fomento da Educación e a Cultura de Paz*, , a *Lei de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero*, a *Lei Reguladora da Responsabilidade Penal do Menor* ou a *Lei Galega para a Igualdade de Homes e Mulleres*.

Nesta liña de pensamento, os Plans deben propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no *modus operandi* do profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, na relación coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares.

### **B. Construindo o plan de convivencia**

O plan de convivencia enténdese como o documento que serve para concretar a organización e funcionamento do centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar polo instituto, os obxetivos específicos a alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar nese ámbito para a consecución dos mesmos.

O paradigma educativo no que nos movemos lévanos a falar de convivencia dende unha perspectiva positiva do conflito: "o conflito é esencialmente un proceso natural a toda



sociedade e un fenómeno necesario para a vida humana, que pode ser un factor positivo no cambio e nas relacións , ou destructivo, según a maneira de regulalo” (Lederach, 1984). En consecuencia, se o conflito pode ser un elemento positivo dentro da nosa organización escolar, se se fai crónico e non se resolve, ten moitas posibilidades de pasar a ser un elemento desestabilizador na Comunidade Educativa.

Para entender a convivencia nos centros non podemos analizala dende a visión miope que repara o conflito nun só sector da Comunidade Educativa, o alumnado, senón dende a visión sistémica da escola como organización social e dentro dun marco comunitario concreto. No Congreso “A disrupción nas aulas: problemas e solucións” (MEC, marzo 2006), organizado polo Ministerio de Educación e Ciencia extráense unha serie de conclusións que son fundamentais para unha análise previa á elaboración dun plan de convivencia real.

- *A disrupción é o problema de convivencia máis extendido na maioría dos centros, cuxo resultado é a interrupción do proceso educativo.*
- *A disrupción está moi relacionada co fracaso escolar e, en consecuencia, o seu tratamento debe abordarse dende os mesmos ámbitos: o currículo, a organización escolar, as interaccións persoais e o estilo docente.*
- *Un modelo integrado de xestión da convivencia implica a todos e esixe o traballo en equipo do profesorado.*
- *Son as solucións de carácter inclusivo, baseadas na restauración do dano causado con tarefas ao servizo da comunidade, as que se amosan máis eficaces.*
- *Atender axeitadamente á diversidade prevén á disrupción.*
- *A titoría constitúe un elemento fundamental para a promoción e mellora do clima escolar. Unha titoría a todos os niveis: grupal, personalizada e coas familias.*
- *A formación inicial e permanente do profesorado pode e debe ser un dos componentes básicos da mellora da convivencia.*
- *En moitos casos considérase necesaria a colaboración do profesorado con outros profesionais do ámbito socioeducativo e psicopedagóxico.*

Estas conclusións van ser a folla de ruta na elaboración das actuacións, medidas e programas que conforman o noso plan. Partindo destes factores relevantes para a convivencia, e de comprender que a convivencia non significa ausencia de conflito nin debe ter como obxectivo a súa eliminación, pero sí a súa xestión, deseseñamos o Plan de Convivencia.

O Plan de Convivencia será elaborado pola comisión de convivencia creada segundo establece a normativa ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será



aprobado polo consello escolar do centro (artigo 10.1 da Lei 4/2011), estando, polo tanto, representados todos os sectores da comunidade educativa.

Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa conveniente que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

## **2. Estudo da convivencia e do clima social do centro**

Atendendo ao anterior, resulta imprescindible coñecer en profundidade cal é a realidade do centro en relación ó noso clima escolar e aos problemas de convivencia existentes para delimitar o punto de partida do Plan de Convivencia do centro.

### **A. Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa**

#### **O Concello de Boiro na comarca do Barbanza. Situación socio-económica e cultural**

O Concello de Boiro está situado na marxe norte da Ría de Arousa e os seus máis de 19.000 habitantes (19.028 según o último padrón municipal) distribúense entre oito parroquias: Abanqueiro, Cespón, Bealo, Boiro, Lampón, O Castro, Cures e Macenda.

Cómpre destacar que a estrutura da poboación por idades fai que Boiro sexa un concello cunha importante porcentaxe de poboación moza, contando con 3617 mozos/as entre os 12 e 30 anos (1821 homes e 1796 mulleres).

A base socioeconómica das familias do noso alumnado atópase no mar: a pesca e marisqueo, cultivo do mexilón e industria conserveira, que xenera o 80% do emprego das cincuenta primeiras empresas da contorna, segundo o informe económico Ardán, elaborado polo Consorcio Zona Franca de Vigo. É importante o sector hosteleiro, dado o interese turístico da ría pola súa oferta cultural, paisaxística, patrimonial e gastronómica. No tecido empresarial hai que sinalar tamén pequenas e medianas empresas relacionadas co sector da construción, aínda que en menor medida dende o inicio da crise e o estoupido da burbulla inmobiliaria. Destaca tamén unha importante nómina de traballadores/as autónomos que atopan no comercio o seu medio de desenvolvemento económico e persoal.

Débese engadir que a península do Barbanza mantén historicamente unha excesiva dependencia do sector pesqueiro e conserveiro. A súa riqueza natural neste ámbito é enorme, con lonxas como as de Ribeira, entre as máis importantes de España, ou destacadas conserveiras que son líderes no sector, empresas que se internacionalizaron con éxito nos últimos anos. Estas sociedades mercantís actúan como auténticos motores de emprego na



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

comarca. Porén estes datos rotundos, indicadores de boa saúde e crecemento, non deben esconder problemas de desenvolvemento como a debilidade da construción outros ámbitos da produción industrial.

En liñas xerais podemos dicir que a situación socio-económica da contorna ocupa un lugar privilexiado dende o punto de vista do emprego e o desenvolvemento, se a comparamos con outras comarcas de Galicia, fundamentalmente coas do interior. Pero esta situación non pode agochar que existen tamén serios problemas de paro, moitas veces precario. Esta realidade deberase ter en conta para que a escola dea unha resposta satisfactoria a posibles familias con escasos ingresos económicos para que teñan acceso aos materiais e recursos que se lles soliciten para o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe (libros de lectura obrigatoria, acceso ás novas tecnoloxías, etc.).

Os horarios do mercado laboral tamén inciden na atención que as familias poden ofrecerlles aos seus fillos/as, xa que é moi difícil conciliar a vida laboral e familiar. Non en poucos casos, o alumnado non ten quen o atenda polas tardes nas súas casas ou son atendidos por avós ou outros familiares. Dende o punto de vista educativo será interesante non descoñar esta circunstancia para comprender os procesos que o alumnado desenvolve nos tempos en que non pode ser atendido polas familias (programación do tempo de estudo e reforzo individual e das actividades complementarias e extraescolares, entre outras).

No plano sociolingüístico conséntase o fenómeno da diglosia. A asociación do galego a estratos máis desfavorecidos ou rurais provoca que cada ano diminúa o número de falantes en lingua galega e, lamentablemente, se empobreza a competencia lingüística do noso alumnado. No ámbito educativo deben realizarse, dentro dos proxectos de fomento do galego, accións e actividades encamiñadas á eliminación destes prexuízos e que sitúen o ámbito actitudinal no centro de atención.

O acceso ás novas tecnoloxías non é xeneralizado nin alleo aos prexuízos de xénero. Hai familias que proporcionan aos seus fillos ferramentas dixitais potentes (nalgúns casos acentúan voluntariamente as diferenzas sociais e inculcan no alumnado hábitos extraescolares moi específicos) e noutras casas nen sequera hai acceso a internet. O centro non está capacitado para suplir estas carencias e isto implica que o alumnado debe reunirse en horario extraescolar nos centros sociais do Concello para poder realizar traballos que necesiten o emprego das TIC. Por outra parte, obsérvase un maior uso das mesmas por parte dos homes, o que non difire dos datos do resto do Estado (segundo o informe do proxecto ICT Go Girls).



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

## **B. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia**

### **B.1. Aspectos positivos**

#### **1. Xestión**

1. Xestión da convivencia a través do SIXA (sistema informático de xestión académica):

- a. Permite a comunicación inmediata entre o profesorado
- b. Control e xestión de faltas de asistencia
- c. Control e xestión da conduta
- d. Comunicación coas familias
- e. Envío masivo de mensaxes
- f. Etc.

#### **2. Sancións**

1. Realización de tarefas comunitarias por parte do alumnado:

- a. Non son explícitas nin coñecidas previamente polo alumnado
- b. Con frecuencia son consensuadas

#### **3. Documentación matrícula**

1. Co sobre da matrícula as familias deben entregar varios documentos asinados:

a. Autorización para participar nas actividades complementarias e extraescolares que se realicen dentro do termo municipal de Boiro, incluídas na programación xeral de actividades complementarias e extraescolares

b. Autorización para a incorporación de datos, imaxes e voz do alumno/a nas publicacións informativas do centro, calquera que sexa o soporte (prensa escrita, páxina web, etc.), así como a súa grabación en audio ou video con motivo de actividades lúdicas ou educativas, respectando sempre o dereito á honra e á intimidade persoal e familiar

- c. Normativa sobre móbiles e outros medios de gravación



#### **4. Voluntariado**

1. Alumnado que realiza tarefas de mantemento do centro (pequenos arranxos, etc.) en colaboración e coordinación co profesorado de tecnoloxía

#### **5. Acollida**

1. Actividades de acollida do novo alumnado: xornadas de visita do alumnado de primaria que se incorpora ao centro co obxectivo de:

- a. Favorecer o tránsito primaria-secundaria
- b. Coñecer as instalacións
- c. Coñecer ao equipo directivo e a parte do profesorado
- d. Dar a coñecer as normas básicas de organización e funcionamento
- e. Currículum da ESO (especialmente de 1º curso)

2. Actividades de acollida das familias de todo o alumnado (mes de outubro-reunións de comezo de curso)

- a. Presentación dos titores/as
- b. Aspectos máis relevantes da vida escolar
- c. Planificación do curso (datas das avaliacións, etc.)

3. Reunión coas familias do alumnado de primaria que se vai a incorporar ao centro:

- a. Información sobre o procedemento e prazos de matrícula
- b. Oferta educativa
- c. Libros de texto (solicitudes de axuda...)
- d. Coñecer as instalacións
- e. Coñecer ao equipo directivo e a parte do profesorado

#### **6. Actividades**

1. Actividades rexistradas nos últimos cursos que favorezan a convivencia escolar:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- a. Contrato-Programa: Espazos Familia (cursos 2014/2015 e 2015/2016)
- b. Plan Proxecta Quérote+
- c. Plan Proxecta: Cooperación Galega: O mundo que queremos.
- d. Contratos-Programa: mellora das competencias para acadar a excelencia:

i. AquaeCultura

ii. StarCach

e. Actividades desenvolvidas nos últimos cursos polo Club do Antifás

i. Dende o curso 2009

ii. Proxectos e actividades durante os mediodías dos martes coa participación de profesorado e alumnado voluntario

iii. Favorecen o intercambio de experiencias e a convivencia nun tempo extraescolar

f. En xeral, as actividades complementarias e extraescolares son positivas para crear bos climas de traballo e espazos de convivencia

g. Especialmente actividades globais, de participación de todo o centro: celebración do entroido, magosto ou actividades de fin de curso

## **7. Espazos**

1. Existe unha sala de recepción das familias con acceso a internet para consultar os informes do alumnado

2. Habilitouse no presente curso un espazo de espera para as familias. Folletos informativos sobre diversos aspectos de orientación académica

3. Favorécese dende o equipo directivo o uso dos despachos para atender ás familias, cando é necesario

## **8. Benestar**

1. Conseguimos unha camilla para atender ao alumnado e profesorado que pode padecer procesos de malestar físico



UNIÃO EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

## **9. Recinto**

1. Mellorouse considerablemente o aspecto do recinto exterior do centro (limpeza, coidado das infraestructuras, etc.)

## **10. Comisións**

1. Constituída a comisión de convivencia
2. Constituída a comisión económica

## **10. Formación de grupos**

1. Criterios para a formación dos grupos de alumnado:
  - a. Análise dos casos conflictivos
  - b. Reparto equilibrado de repetidores/as
  - c. Alumnado de nova incorporación: agrupación por centros de procedencia para favorecer a integración

## **11. Información**

1. Entrega dun folleto informativo a todas as familias a comezos de curso: cadro de profesorado, calendario escolar, normas básicas de organización e funcionamento, etc.

## **12. Solidariedade**

1. Colaboración coa ONG ConTacto
2. Rede solidaria da ONG Entre Culturas

## **B.2. Aspectos negativos**

1. Excesiva contaminación acústica
2. Descoñecemento e/ou incumprimento das normas
3. Non existe un espazo adicado á convivencia na páxina web do centro
4. Non están ben definidos e/ou non se coñecen determinados protocolos de actuación (como, por exemplo, as expulsións da aula do alumnado)





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

5. Pintadas nas portas dos aseos que se perpetúan (é urxente unha limpeza exhaustiva)
6. Cando o alumnado é sancionado coa expulsión da aula e/ou de determinadas clases debe ser atendido, normalmente, polo equipo directivo. Non existe un protocolo para atender este alumnado
7. Pouco espazo interior para actividades de lecer
8. Non existe aula de convivencia
9. Non existe espazo específico para o alumnado de autoxestión
10. Ausencia dun espazo tipo auditorio para realizar actividades colectivas
11. Non existen dentro do horario lectivo sesións para a coordinación de titores/as
12. Non existe un protocolo para recibir ao novo profesorado (normas, plans do centro, etc.)

### **C. Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte dos distintos sectores**

A participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa na vida do centro debe mellorar e estimularse considerablemente

- O alumnado a través da xunta de delegados/as e de asambleas
- As familias a través dos seus representantes legais no Consello Escolar; a través da asociación de pais/nais (número moi baixo de socios/as)
- O profesorado a través dos distintos órganos colexiados de goberno e tamén a través dos órganos de coordinación docente
- Todos os sectores a través das distintas comisións constituídas legalmente no seo do consello escolar:
  - Comisión económica
  - Comisión de convivencia
- Todos os sectores a través de distintos cuestionarios que eventualmente se deseñen para coñecer a opinión dos implicados
- A través da páxina web, dar a coñecer a documentación do centro, a composición dos departamentos, órganos de coordinación, estado das contas (orxamentos, etc.)

#### **C.1. Algunhas reflexións ao respecto**

- A xunta de delegados/as non é operativa:
  - Escasas reunións



- Reúñese fundamentalmente para asuntos urxentes (convocatorias de folga, etc.)
- Non existe unha dinámica especial
- Os contactos coa ANPA son moi esporádicos: límitanse a encontros puntuais para intercambiar información
- As familias acuden maioritariamente cando son convocadas polo centro ao obxecto de recibir información xeral sobre o desenvolvemento do curso, a realización de saídas extraescolares como saídas, intercambios lingüísticos, etc.
- Deben mellorarse os mecanismos que aseguren que as familias reciban en tempo e forma os comunicados e escritos que se remiten dende o centro
- Non existen medios e/ou procedementos para recabar a opinión dos distintos membros da comunidade educativa referidos a distintos aspectos da xestión do centro:
  - análise da xestión do equipo directivo
  - opinión sobre a convivencia no centro
  - etc.
- Deben favorecerse e mellorarse os intercambios fluídos entre o profesorado a través dos distintos órganos de participación e os equipos que se establezan
- Rexístrase sempre unha moi baixa participación das familias nas renovacións do Consello Escolar
  - non se sinten representadas
  - o centro non informa ao resto da comunidade escolar dos acordos do Consello Escolar
- Percibimos que parte do persoal non docente non se sente integrante dunha comunidade escolar
  - porque non se lles consultan asuntos que poidan ser do seu interés
  - porque non se lles informa das actividades e proxectos que se realizan

#### **D. Conflictividade detectada no centro**

A información que se reflicte neste punto procede fundamentalmente de dúas fontes:

1ª Informe sobre os cuestionarios de convivencia realizados no curso 2015/2016

Este informe foi remitido ao centro pola Consellería de Cultura e Educación despois de realizar o cuestionario sobre convivencia escolar a través dunha aplicación online que estivo dispoñible na páxina <https://www.edu.xunta.es/convivenciaxestion>

2ª Memorias anuais do centro dos últimos 3 cursos



## **D.1. Informe**

A participación dos distintos sectores da comunidade educativa foi a seguinte:

- **Alumnado:**  
o 401 respostas rexistradas, que representan unha participación do 93.47 %
- **Profesorado:**  
o 19 respostas rexistradas, que representan unha participación do 47.50 %
- **Familias:**  
o 77 respostas rexistradas, que representan unha participación do 8.97 %
- **Persoal de administración e servizos:**  
o 1 resposta rexistrada, que representa unha participación do 16.16 %

Respecto destes datos de participación podemos extraer as seguintes conclusións:

1ª A participación do alumnado pode considerarse satisfactoria e significativa. Esta alta participación foi posible como consecuencia da organización de quendas para que cada titoría tivese acceso á aula de informática co seu alumnado para poder encher o cuestionario.

2ª A participación do resto dos sectores da comunidade educativa foi moi baixa. Debería realizarse unha reflexión ao respecto, especialmente referida á participación do profesorado.

### **D.1.1. Análise das respostas do alumnado**

#### **1. Cantos bos amigos ou amigas tes no teu centro, que non sexan da túa clase?**

a. Contestan que 7 ou máis o 60.30 %

#### **2. Cantos bos amigos ou amigas tes na túa clase?**

a. Ningún: 2.7 %

b. 7 ou máis: 38.7 %

#### **3. Sobre o coidado dos materiais e as instalacións do centro**

##### **3.1. O centro está moi coidado e non hai estragos**

a. Un pouco: 36.70 %



UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

b. Bastante: 42.40 %

c. Moito: 13.20 %

### **3.2. Que problemas hai?**

a. Fanse pintadas nas mesas, nas paredes, nos aseos ...: 34.70 %

b. Non se respectan as cousas de cada quen: 17.70 %

c. Non se respectan as cousas do centro: 16.20 %

d. Rómpense materiais da clase e do centro: 14.20 %

e. Róubanse materiais: 20.70 %

f. Tírase lixo ao chan: 31.70 %

### **4. Sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na aula**

Unha porcentaxe alta do alumnado opina que os conflitos resólvense pola vía do diálogo, ben falando co profesorado en privado ou ben falando entre todos. Apenas un 9.50 % considera que se lle resta importancia aos conflitos e déixanse pasar. Tamén é importante a porcentaxe de alumnado que manifesta que os conflitos resólvense seguindo os consellos do equipo docente (40.10 %).

### **5. Sobre a frecuencia de determinadas condutas no centro**

#### **5.1. Condutas positivas**

a. Atender as explicacións

b. Axudar a algún compañeiro/a nas tarefas de clase

c. Cumprir as normas

d. Evitar que traten mal aos demais

e. Facer as tarefas que nos mandan

f. Obedecer e respectar aos profesores/as

g. Respectar o horario das clases

h. Traballar en grupo



UNIÃO EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- Un 16.7 % do alumnado manifesta que nunca evita que traten mal aos demais e un 32.2 % que poucas veces
- Un 4.7 % di que nunca axuda a algún compañeiro/a nas tarefas da clase e un 21.7 % que poucas veces
- Un 5.2 % expresa que nunca obedece e respecta ao profesorado e un 13.5 % que poucas veces
- Respecto do cumprimento das normas, un 27.00 % manifesta que nunca as cumpre e un 16.50 % di que poucas veces
- Un 14.50 % manifesta que poucas veces atende as explicacións e un 2.70 % nunca
- Un significativo 15.20 % manifesta que poucas veces traballa en grupo e apenas un 1.70 % que nunca

## **5.2. Condutas negativas**

- a. Acoso (en persoa ou por internet, móbil...)
- b. Ameazar ou insultar
- c. Ameazar ou insultar utilizando o móbil, o ordenador ...
- d. Chegar tarde á clase
- e. Deixar de lado e non facer caso a algún/ha compañeiro/a
- f. Desobedecer e non respectar o/a profesor/a
- g. Dicir mentiras ou rumores sobre alguén
- h. Dicir mentiras ou rumores sobre alguén utilizando o ordenador, o móbil...
- i. Entrar e saír da clase sen permiso
- j. Faltar á clase sen causa xustificada
- k. Insultar
- l. Interromper, molestar e non deixar dar a clase ao profesorado
- m. Negarse a facer as tarefas que nos tocan



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- n. Non ter coidado co aseo e ca limpeza persoal
- o. Obrigar a algún/ha compañeiro/a a facer cousas que non quere
- p. Pegar ou facer dano
- q. Poñer alcumes ou rirse doutra persoa
- r. Provocar, ridiculizar ou insultar o profesorado
- s. Roubar diñeiro ou material/cousas
- t. Tomar drogas (alcohol, tabaco)

**Moitas veces:**

- o Poñer alcumes ou rirse doutra persoa: 17.00 %
- o Insultar: 15.70 %
- o Non ter coidado co aseo e ca limpeza persoal: 9.70 %
- o Entrar e saír da clase sen permiso: 9.50 %
- o Ameazar ou insultar: 9.20 %
- o Deixar de lado a e non facer caso a algún/ha compañeiro/a: 7.70 %
- o Desobedecer e non respectar ao profesor/a: 7.50 %

**Acoso en persoa ou a través de internet:**

- o Poucas veces: 19.00 %
- o Bastantes veces: 3.50 %
- o Moitas veces: 3.50 %

**Tomar drogas:**

- o Poucas veces: 17.50 %
- o Bastantes veces: 6.70 %
- o Moitas veces: 6.50 %



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

**Obrigar a algún/ha compañeiro/a a facer cousas que non quere:**

- o Poucas veces: 20.00 %
- o Bastantes veces: 5.20 %
- o Moitas veces: 3.00 %

**6. Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia**

- a. A través de internet, xa sexa no móbil ou no ordenador
- b. Ao entrar ou ao saír da clase
- c. Ao entrar ou saír do recinto escolar
- d. Durante as clases
- e. No comedor escolar
- f. No recreo
- g. No transporte escolar
- h. Nos arredores do centro
- i. Nos aseos
- j. Nos corredores
- k. Nos intercambios de clase

**Moitas veces:**

- o Durante as clases: 44.10 %
- o No recreo: 41.10 %
- o Nos intercambios de clase: 40.40 %
- o Nos corredores: 38.20 %
- o Ao entrar ou saír da clase: 37.40 %
- o Nos arredores do centro: 34.40 %



UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- o Ao entrar ou saír do centro: 33.40 %
- o Nos aseos: 29.20 %
- o No transporte escolar: 25.20 %
- o A través de internet: 22.20 %
- o No comedor escolar: 12.20 % (pode referirse ao mediodía dos martes?)

## **7. Sobre a condición de presunta vítima**

### **7.1. Padeciches algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto?**

- a. Si: 13.50 %
- b. Non: 83.50 %
- c. Sen resposta: 3.00 %

### **7.2. Que fixeches cando padeciches estas situacións/conduas?**

- Sentínme triste ou abatido: 40.70 %
- Pedínlles axuda ao meus amigos/as: 38.90 %
- Intentei non pensar no que sucedía: 31.50 %
- Díxenlles que me deixaran en paz: 27.80 %
- Intentei falar para resolver o problema: 25.90 %
- Non fixen nada: 24.10 %
- Pedínlle axuda a un adulto/a do centro: 20.40 %
- Pedínlle axuda ao orientador/a: 18.50 %
- Pedínlle axuda a alguén de dirección: 14.80 %
- Defendínme atacando: 13.00 %
- Defendínme fuxindo para que non me atacasen: 5.60 %
- Díxenllo ao delegado/a da clase: 1.90 %





### **7.3. De que curso é a persoa que realizou este tipo de comportamento contigo?**

- do meu curso pero doutra clase: 38.90 %
- da miña clase: 27.80 %
- de distintos cursos: 22.20 %
- doutro curso superior ao meu: 14.80 %
- son persoas de fóra do centro: 7.40 %
- doutro curso inferior ao meu: 5.60 %
- outras persoas do centro (profesorado, persoal de conserxería, persoal de limpeza...)

### **8. Sobre a condición de presunto/a agresor/a**

#### **8.1. Cometiches algunha conduta negativa como faltas de respecto, agresión, acoso, etc.?**

- a. Si: 5.70 %
- b. Non: 90.00 %
- c. Sen resposta: 4.20 %

#### **8.2. Sufriches algunha sanción/medida correctora (castigo) das que se relacionan a continuación no último curso?**

- Quedar sen recreo algún día: 52.20 %
- Expulsión temporal da aula: 47.80 %
- Enviado/a á xefatura de estudos ou á dirección: 43.50 %
- Obrigación de estar nun determinado lugar fóra da clase traballando: 39.10 %
- Aviso á familia/titores legais: 30.40 %
- Apertura de expediente disciplinario: 17.40 % (non se abriron expedientes)
- Botáronme uns días do centro: 13.00 %
- Retirada do móvil ou outros obxectos persoais: 13.00 %



· Ter que facer un traballo sobre o que sucedeu, analizando o meu comportamento incorrecto: 8.70 %

· Reparar o dano causado: 4.30 %

## **9. Sobre as decisións que se toman na clase ou no centro**

A maior parte do alumnado manifesta que expresa a súa opinión na clase, en presenza do profesorado titor (36.70 %) ou que expresa a súa opinión directamente ao profesorado (33.70 %).

Un 7.00 % contesta que non expresa a súa opinión porque cree que non lle van a facer caso.

Un 10.20 % manifesta que non lle piden a súa opinión

Un 7.00 % non di a súa opinión porque cree que non lle van facer caso

Un 5.50 % non di a súa opinión porque non lle interesa que a saiban

### **D.1.2. Análise das respostas do profesorado**

Como se indicou anteriormente só un 47.50 % do profesorado contestou o cuestionario de convivencia. Cando menos do 50.00 % do Claustro participou nesta enquisa on-line deben sinalarse varios aspectos para a súa reflexión:

- A implicación real do Claustro en materia de convivencia
- Efectividade da metodoloxía empregada para difundir e estimular a participación
- Prazos axeitados

Estas conclusións ou reflexións poden ser ou non compartidas pola maioría do profesorado. No momento da presentación do plan de convivencia o colectivo terá a oportunidade de manifestar e expresar a súa opinión.

## **1. Sobre o coñecemento dos documentos ou actuacións, referidos á convivencia, no centro**

Unha ampla porcentaxe, o 94.70 %, manifesta coñecer as normas de organización e funcionamento ou o PEC, un 89.50 %. Tamén di coñecer o plan de acción titorial unha parte importante do profesorado (73.70 %).



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

Sorprende que un 57.90 % manfeste que coñece o Plan Xeral de Atención á Diversidade cando este documento non existe como tal, como documento aprobado e publicitado no centro. Tamén é chamativa á porcentaxe que manfesta coñecer o Plan de Convivencia, 52.60 %, cando este documento data do curso 2008/2009, non se adapta á normativa vixente e non está ao alcance do profesorado.

<b>1.1. % de respostas afirmativas</b>	<b>% de respostas</b>
1. Aula de convivencia inclusiva	0.00 %
2. Comisión de convivencia	10.50 %
3. Mediador ou equipo de mediación	5.30 %
4. Normas de organización e funcionamento (NOF)	94.70 %
5. Persoa dinamizadora ou responsable da convivencia no centro	10.50 %
6. Plan de acción tutorial (PAT)	73.70 %
7. Plan de convivencia	52.60 %
8. Plan xeral de atención á diversidade (PXAD)	57.90 %
9. Proxecto educativo de centro (PEC)	89.50 %

<b>1.2. % de respostas afirmativas por parte dos titores</b>	<b>% de respostas</b>
1. Comisión de convivencia	10.50 %
2. Mediador ou equipo de mediación	5.30 %
3. Normas de organización e funcionamento (NOF)	47.40 %
4. Plan de acción titorial (PAT)	47.40 %
5. Plan de convivencia	31.60 %
6. Plan xeral de atención á diversidade (PXAD)	36.80 %
7. Proxecto educativo de centro (PEC)	47.40 %

## **2. A convivencia no centro nos últimos 3 anos**

### **2.1. Respostas xerais**

A maioría do profesorado opina que mellorou lixeiramente (42.10 %) ou moitísimo (31.60 %). Apenas un 5.30 % considera que empeorou lixeiramente.

### **3. Consideras que existen actualmente no centro problemas de convivencia**

O 31.60 % cree que non e un 52.60 % opina que puntualmente. Só un 10.50 % manifesta que si.

### **4. Sobre a formación en materia de convivencia escolar**

Só un 31.60 % opina que ten unha boa formación. Pola contra, un 42.10 % considera que ten unha formación regular.



Respecto do coñecemento sobre os problemas de convivencia entre o alumnado unha elevada porcentaxe pensa que é regular (57.90 %) e un 26.30 % que é mala.

## **5. Sobre a influencia de diversos aspectos no clima escolar**

O 68.40 % está de acordo en que traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción tutorial. Un 63.20 % opina que favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas.

Desenvolver en todos os membros da Comunidade Educativa programas para adquirir habilidades e competencias sociais un 57.90 %. Abordar a convivencia dende a prevención un 52.60 %.

Difundir entre a comunidade educativa todas as actuacións que en materia de convivencia se desenvolven no centro un 47.40 %.

Aplicación rigorosa e sistemática das normas de convivencia, un 42.10 %.

Formación do profesorado en xestión da convivencia, un 42.10 %.

## **6. Sobre a organización e uso dos espazos do centro (biblioteca, talleres, sala de ordenadores, sala de usos múltiples, salón de actos,...)**

O 42.10 % do profesorado opina que está regulada nas normas de organización e funcionamento do centro, e a mesma porcentaxe opina que non está regulada nas normas, pero respéctase o que se acorda ao principio de curso.

Unha baixa porcentaxe do profesorado opina que se respecta por parte dos usuarios o establecido nas normas, un 36.80 %.

## **7. Sobre o coidado dos materiais e das instalacións. Valoración da frecuencia da afirmación "Normalmente cóidase"**

Un 36.80 % opina que bastantes veces; un 42.10 % expresa que moitas veces e un 21.10 % manifesta que algunha vez.

## **8. Problemas relacionados co coidado dos materiais e das instalacións**

A maior parte das respostas refírense a que se fan pintadas nas mesas, nas paredes e nos aseos (15.80 %), que se rompen materiais da clase e do centro (10.50 %) ou que se rouban materiais (15.80 %). Unha importante porcentaxe, se a comparamos co resto das respostas, opina que se tira lixo ao chan (21.10 %). Esta porcentaxe é significativa pola



percepción xenérica que ten o profesorado de que o centro non está habitualmente limpo (as aulas quedan moi sucias despois das clases e os corredores despois dos recreos).

## **9. Sobre o coñecemento dalgúns protocolos/programas/actuacións que poidan considerarse favorables da convivencia**

As porcentaxes máis elevadas rexistráronse para os seguintes apartados:

- a. Dereitos e os deberes do alumnado con todos os grupos (PAT): 78.90 %
- b. Orde nas entradas e saídas no centro, así como no transporte escolar: 89.50 %
- c. Protocolo de absentismo: 78.90 %
- d. Solicitude de asesoramento do Departamento de Orientación na xestión de conflitos no centro: 73.70 %
- e. Normas de convivencia con todos os grupos (PAT): 73.70 %

Pola contra, as respostas máis baixas rexistráronse para os seguintes apartados:

- a. Campañas divulgativas dos diferentes documentos nos que se recollen os aspectos fundamentais da convivencia (Plan de convivencia e NOF): 31.60 %
- b. Difusión dos aspectos básicos das NOF: 31.60 %
- c. Plan de formación no centro en materia de convivencia: 36.80 %
- d. Protocolo de acoso escolar e ciberacoso: 31.60 %
- e. Protocolo ou programa de mediación: 5.30 %
- f. Protocolo para o establecemento de acordos co alumnado e as familias ou persoas titoras legais: 31.60 %
- g. Protocolo para o procedemento conciliado: 5.30 %

## **10. Sobre a resolución de conflitos**

A maior parte do profesorado expresa que dialogando para intentar chegar a acordos (94.70 %). Tamén unha porcentaxe elevada opina que tratando o conflito entre todos (titor/a, profesorado, xefatura de estudos e alumnado): 73.70 %.



É significativa a porcentaxe que opina que os conflitos soluciónanse chamando ás familias ou responsables legais do alumnado: 68.40 %.

Por último, tamén é importante a porcentaxe que manifesta que soluciona os conflitos dando consellos ao alumnado: 78.90 %.

### **11. Sobre a relación coas familias**

Unha porcentaxe elevada (63.20 %) opina que as familias amosan interese polos estudos dos seus fillos/a pero non fan un seguimento continuado da súa evolución.

### **12. Sobre a importancia das seguintes causas nas condutas do alumnado**

- Problemas familiares (familias desestructuradas): 68.40 %
- Contexto social: 63.20 %
- Aumento da tolerancia na sociedade: 47.40 %
- Obrigatoriedade da etapa educativa da ESO: 47.40 %
- Tipo de organización e clima do centro: 42.10 %
- Facilitade no acceso ás tecnoloxías da información e comunicación: 38.81 %
- Falta de disciplina escolar: 38.81 %
- Formación pedagóxioca do profesorado para afrontar novas problemáticas: 36.81 %
- Metodoloxías inadecuadas: 36.81 % (parece significativa esta porcentaxe)

### **D.1.3. Análise das respostas das familias**

#### **1. Que estudos lle gustaría que rematase o seu fillo/a e que título acadar?**

Á maioría das familias gustaríalles que os seus fillos/as realizasen unha carreira universitaria (76.60 %); a un 9.10 % gustaríalle que realizasen un ciclo de FP de Grao Superior. Só a un 1.30 % lles gustaría que acadasen o Graduado en ESO.

#### **2. Coñece a existencia e o contido dos seguintes documentos ou actuacións, referidos á convivencia, no seu centro?**

As porcentaxes rexistradas para esta pregunta están todas por debaixo do 50.00 %.



Refírense ao coñecemento de:

- a. Aula de convivencia inclusiva
- b. Comisión de convivencia
- c. Mediador ou equipo de mediación
- d. Normas de organización e funcionamento (NOF)
- e. Persoa dinamizadora ou responsable da convivencia no centro
- f. Plan de acción tutorial (PAT)
- g. Plan de convivencia
- h. Plan xeral de atención á diversidade (PXAD)
- i. Proxecto educativo de centro (PEC)

### **3. Na súa opinión, a convivencia no centro educativo, nos últimos 3 anos...**

Só un 2.60 % opina que empeorou lixeiramente. Un 45.50 % pensa que mellorou lixeiramente e un 13.00 % expresa que mellorou moitísimo.

### **4. Consideras que existen actualmente problemas de convivencia**

O 54.50 % das familias considera que non existen problemas de convivencia e un 31.20 % opina que de xeito puntual. Só un 3.90 % das familias (todas nais) manifesta que si existen problemas de convivencia.

### **5. Sobre a formación en materia de convivencia escolar**

- a. A súa formación en materia de convivencia escolar
- b. Formación das familias para definir normas de comportamento na casa
- c. Formación de toda a comunidade educativa para desenvolver actividades positivas de lecer e tempo libre

### **6. Sobre o coidado dos materiais e as instalacións do centro**

A maioría das familias opina que normalmente cóidanse os materiais e as instalacións (38.10 % bastante de acordo e un 35.50 % totalmente de acordo).





## **7. Sobre a participación activa na vida do centro e as relacións coa comunidade educativa**

- Amosamos interese polo noso fillo/a no referente ao seu comportamento: 93.50 %
- Acudimos ao centro cando se nos convoca: 89.60 %
- Falo a diario con el/ela sobre como lle foi o día no centro: 89.60 %
- Achegámonos ao centro de cando en vez, solicitando cita co titor/a, sen sernos convocados: 87.70 %
- Coñezo o tempo e os recursos electrónicos e dixitais que utiliza o meu fillo/a: 88.30 %
- O centro ten medios para transmitir a información ás familias por diferentes vías: 80.50 %
- Sentimos que formamos parte dunha comunidade escolar/centro, dun proxecto común: 50.60 %
- Anímase nos no centro a ter ideas propias e a participar na mellora da convivencia (espírito crítico): 24.70 %
- Colaboramos en organizacións para mellorar o que sucede arredor do centro (no barrio, no pobo, na cidade): 9.10 %
- O centro dispón de espazos para desenvolver a nosa participación e actividades: 45.50 %
- O centro programa os tempos de xeito que favoreza a participación: 39.00 %
- Participo na Anpa do centro: 26.00 %
- Reunímonos as familias para buscar solucións de cómo mellorar a convivencia no centro: 7.80 %
- Teño a información necesaria para participar en algún órgano do centro: 49.50 %

## **8. Sobre a condición de presunta vítima ou agresor/a**

Unha porcentaxe do 3.90 % manifesta que o seu fillo/a padeceu a condición de vítima. Pola contra, un 89.60 % expresa que o seu fillo/a non foi nin vítima nin autor/coautor.



**9. Agresións que padeceu o seu fillo (respecto do 3.90 % do apartado anterior)**

- a. Agresións físicas: 33.30 %
- b. Agresións verbais: 66.70 %
- c. Ameazar ou insultar: 66.70 %
- d. Non ter en conta a algún compañeiro/a e excluílo/a dun grupo: 66.70 %
- e. Poñer alcumes ou rirse doutra persoa: 66.70 %

**10. Agresións que cometeu o seu fillo**

Non se rexistraron respostas (0.00%)

**11. Dos seguintes profesionais do centro educativo coñece a:**

- a. Director: 98.70 %
- b. Titor/a: 97.40 %
- c. Secretario/a: 60.50 %
- d. Orientadora: 57.90 %
- e. Xefa de estudos: 56.60 %

**12. Acostumo a apoiar as decisións que toma o titor sobre o comportamento do meu fillo/a**

Un 85.70 % manifesta que si.

**13. Acostumo a estar informado dos eventos especiais que se realizan no centro**

O 97.40 % manifesta que si.

**14. Estou satisfeito co centro**

A inmensa maioría das familias manifestan estar satisfetias co centro: 89.60 %

**15. Sobre a reacción ante problemas dos seus fillo/as con compañeiros/as de clase**

A maioría 92.10 % expresan que falando ou pedindo información ao profesorado titor/a.

## D.2. Memorias anuais do centro (cursos 2012/2015)

En xeral o clima de convivencia escolar é positivo aínda que non debe descoidarse este ámbito fundamental para crear un ambiente propicio de traballo onde se respecten os dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa. Unha análise das sancións impostas nos dous últimos cursos pode ofrecernos unha perspectiva máis clara da convivencia.

Sanción	2012	2013	2014
	2013	2014	2015
Suspensión do dereito a participar nas actividades complementaria extraescolares	1	0	0
Cambio de grupo	1	0	0
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por período de entre catro días lectivos e dúas semanas	4	1	4
Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes	1	4	7
Expedientes disciplinarios	1	1	0

### D.2.1. Reflexións e propostas de mellora recollidas nas memorias do centro:

1ª Sen pretender minimizar a importancia das sancións impostas e a súa incidencia nos procesos de ensino-aprendizaxe, podemos concluír que a estatística de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia é mínima. Tamén é constatable que un gran número de faltas de orden concéntranse en moi poucos alumnos e alumnas, circunstancia que provoca que certos grupos poidan parecer moi conflictivos, cando non é así en realidade. Isto require un tratamento específico de reorientación das condutas que favorezan a diminución das faltas e a reeducación positiva do alumnado



UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

2ª Debe incidirse na programación de actividades preventivas e no fomento da resolución dialogada e pacífica dos conflitos, buscando o consenso e a mediación. Só coa aplicación destas medidas mellorará a convivencia escolar. Neste sentido é preciso adaptar á normativa vixente a documentación do centro referida á convivencia escolar e explorar e por en funcionamento todos os mecanismos e actuacións que sexan necesarios para un mellor tratamento da convivencia escolar

3ª Por outra parte, pensamos que é importante a aplicación de medidas correctoras consensuadas co alumnado que beneficien ao resto da comunidade educativa, como poden ser tarefas de vixianza nos corredores, limpeza de espazos comúns, coidado e reposición dos materiais, etc. Estas medidas veñen sendo aplicadas nos últimos cursos e o seu efecto e resultado pode considerarse satisfactorio

4ª É necesaria unha estreita colaboración co departamento de orientación, coastitorías e co profesorado en xeral para conseguir estes obxectivos, sen esquecer a participación do alumnado na toma de decisións en canto á posta en marcha de iniciativas e propostas, xa que é o protagonista central de todo o relacionado coa convivencia escolar

5ª A convivencia escolar non debe centrarse só nos posibles conflitos entre o alumnado. A convivencia afecta a todos os colectivos do centro e será prioritario que o profesorado se sinta cómodo e a gusto no seu traballo. Por eso debemos favorecer e promover o diálogo entre o equipo docente como canle para a mellora das relacións profesionais que permitan o intercambio sosegado de opinións, a confrontación pacífica e obxectiva de pareceres e a expresión libre de críticas constructivas en calquera dos ámbitos de intervención do profesorado

6ª Con respecto ás familias, éstas deben coñecer as normas básicas de organización e funcionamento do centro. Será preciso realizar un traballo pedagóxico de divulgación, destinado fundamentalmente ás familias do alumnado que se incorpora ao centro por primeira vez



UNIÃO EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

### **3. Obxectivos**

Coa posta en marcha deste Plan de Convivencia sentamos as bases para acadar os seguintes obxectivos:

- Promover a cultura da convivencia pacífica no centro, xestionando de forma creativa, enriquecedora e democrática o conflito.
- Transmitir os valores democráticos a través das vivencias diarias e das múltiples actuacións do centro, creando puntos de encontro que favorezan as relacións sociais entre tódolos membros da Comunidade Educativa.
- Favorecer procesos comunitarios e colaborativos que posibiliten a xestión da convivencia escolar.
- Avaliar e estudar de forma continuada o clima social do centro, analizando os casos de conflito que xurdan.
- Aplicar axeitadamente as normas de convivencia establecidas.
- Fomentar o diálogo como elemento favorecedor da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas.
- Acondicionar e embelecer as instalacións do centro e o seu entorno para que sexan o máis acolledoras posible.
- Reducir as condutas disruptivas e as situación de acoso e ciberacoso, mediante actuacións de carácter preventivasbasadas no desenvolvemento da intelixencia emocional.

Asemade, reflectiranse nas distintas liñas de intervenciónos eixes fundamentais do Plan de Convivencia Escolar deseñado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que son:

- Educación inclusiva
- Participación da comunidade
- Aprendizaxe e convivencia
- Educación nos sentimentos e na amizade
- Socialización preventiva da violencia de xénero
- Prevención da violencia dende a primeira infancia
- Atención e coidado do uso das tecnoloxías da información e a comunicación



**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

#### **4. Deseño e descrición das liñas de acción prioritarias**

O Plan de Convivencia enmarca os dous niveis de intervención básicos: prevención e intervención. A prevención polo seu sentido universal diríxese a toda a Comunidade Educativa e tratará de promover un clima social positivo entre todos os seus membros, así como ofrecer estratexias para a resolución pacífica e enriquecedora dos conflitos, facilitando a convivencia; pola súa banda, a intervención vai dirixida a certos sectores da comunidade que estén vivenciando algunha situación de conflito, ou de cara a previr situacións conflictivas máis graves. (véxase cadro 1).

Para o deseño do Plan descríbense unha serie de liñas de intervención con carácter preventivo e de intervención ou reeducador.





UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

## **Liña 1. Comisión de convivencia**

### **1. Composición**

Constituída no seo do Consello Escolar celebrado o día 26 de xaneiro de 2016

Director: Mariano Muñiz Blanco

Representantes do profesorado: 4 membros

- Agustín Agra Barreiro
- Lidia Dosil Castro (xefa de estudos)
- Ángeles Fernández López
- Sabela Rodríguez García (orientadora)

Representantes do alumnado: 2 membros

- Pablo Ferreiro Suárez
- Alba Tubío Castro

Representante das familias: 1 membro

- Francisco Javier García Diéguez

Representante do persoal non docente: 1 membro

- Mónica Silva Alonso

### **2. Funcións da comisión de convivencia (por delegación do consello escolar)**

- a) Elaborar o plan de convivencia
- b) Adoptar medidas preventivas
- c) Impulsar accións
- d) Propor medidas ao Consello Escolar
- e) Propor persoas do equipo de mediación
- f) Coñecer o cumprimento das correccións





UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- g) Realizar o seguimento dos compromisos
- h) Elaborar a memoria anual
- i) A comisión de convivencia poderá solicitar o asesoramento do departamento de orientación, dos titores/as, dos educadores/as sociais do Concello, doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, etc.

### **3. Réxime de funcionamento**

- a) Unha reunión ordinaria en cada trimestre.
- b) Reunións extraordinarias cando as convoque o presidente da comisión ou por petición dun terzo dos seus membros.
- c) Levantarase actas de cada reunión.
- d) Na 1ª reunión do curso nomearase secretario/a da comisión a quen se presente voluntario/a. De non producirse esta circunstancia realizarase un sorteo público entre os membros da comisión.
- e) O secretario/a da comisión seráo por un só curso, agás que manifieste expresamente o contrario (desexo de continuar).
- f) Abrirase o correspondente libro de actas da comisión a través dunha dilixencia realizada pola secretaria do centro.
- g) O libro de actas será custodiado na xefatura de estudos e estará a disposición de toda a comunidade educativa para a súa consulta.

## **Liña 2. Espazos e tempos para a convivencia**

Todos os membros da Comunidade Educativa deberán potenciar un clima escolar positivo que permita unha convivencia baseada en principios democráticos de respecto e tolerancia no marco da Declaración Universal de Dereitos Humanos, por riba de crenzas e valores persoais. Consecuentemente, todos temos a obriga de contribuir a que no centro se xenere un clima positivo de traballo e estudo, que posibilite o desenvolvemento das capacidades de todos os membros da comunidade educativa, nun ambiente no que non existen interferencias de conflitos, agresións ou ameazas. Enténdase que a convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que os conflitos se resolven de maneira non violenta. Para iso, debemos chegar a un compromiso sobre as



normas que rixen a vida dos centros, as consecuencias polo seu incumprimento, a colaboración de todos e todas nas distintas tarefas educativas, curriculares e complementarias, na participación, na organización e na xestión do centro e, de maneira inequívoca, no rexeitamento a calquera manifestación de violencia.

- Busca de espazos e tempos para a convivencia entre o profesorado, permitíndonos establecer vínculos de compañeirismo, diálogo, cooperación....primando as relacións informais (compartir o café, conversas na sá de profesores, participación nas comidas e nas festas...).
- Busca de espazos e tempos para a convivencia entre o alumnado, especialmente mediante as actividades complementarias e extraescolares, as sesións de titoría, os tempos de recreo, as conmemoracións das distintas efemérides.....
- Promoción dun diálogo construtivo entre a Dirección e o resto dos membros da Comunidade Educativa, primando ante outras actividades de mera xestión a atención personalizada por parte dos membros do equipo directivo a cada persoa que así o requira.
- A consolidación de actividades e festexos como o Magosto, o Entroido, a celebración das Letras Galegas, acollida do alumnado dos centros adscritos, reunións coas familias do alumnado (no mes de xullo coas de nova incorporación e no mes de outubro as reunións xerais de comezos de curso), etc.

### **Liña 3. Compromiso de todos na aplicación das NOF e dos protocolos de actuación**

Revisión das NOF do Centro e adaptación de aspectos do PEC á nova normativa e á nova realidade social do centro. Modifícanse puntos das actuais normas, fundamentalmente o apartado dos procedementos correctores.

### **Liña 4. Potenciación da acción titorial**

- Compromiso de exercer a titoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todos e cada un dos alumnos e alumnas, principalmente para atender ao alumnado con necesidades educativas específicas. Lembremos que a función titorial é inherente á función docente, co cal tódolos profesores somos tutores.
- Potenciar a figura do profesor titor como mediador das relacións alumno-alumno, alumno-profesor, centro – familia.....
- Necesidade de mellorar a coordinación titor-equipo docente, titor-profesora de apoio, titor-orientadora- xefa de estudos



- A elección do titor, especialmente nos grupos de 1º de ESO, así como naqueles grupos que polas súas características relacionadas co rendemento, motivación , cohesión social... se considere oportuno, farase en base, preferentemente, aos seguintes **criterios:**
- Perfil competencial e actitudinal: empática, dinamizadora, colaboradora, afín as necesidades do adolescente.....
- Voluntariedade.
- Darlle potestade para exercer a tutoría axeitadamente (convocatoria de reunións, mediación nos conflitos, coordinación coas familias...)
- Destino definitivo no centro.
- Revisar o Plan de Acción Titorial deseñado de forma anual, introducindo os cambios que se consideren oportunos, froito dunha reflexión colexiada sobre as necesidades do alumnado, con posibilidade de que este plan xeral sexa adaptado á diversidade do alumnado pero tamén do profesorado, tendo en conta o seu estilo educativo, formación en contidos transversais.... Cómpre que exista un compromiso ético e profesional coa sesión semanal de tutoría, evitando convertila nun espazo para a improvisación, para o tempo de lecer ou mesmo para avanzar na materia que se imparta.
- Actividades de acollida e integración: todos os grupos farán nas primeiras semanas dinámicas de grupo co fin de acadar os seguintes obxectivos:
  - Lograr unha participación maior de cada un dos membros na vida do grupo.
  - Organizar e planificar a acción e as tarefas do grupo de cara a lograr os seus obxectivos.
  - Axudar a madurez dos individuos membros do grupo.
  - Substituír formas de dominación que se dan na vida e funcionamento dos grupos por outras de participación.
- Normas de aula: cada grupo-clase concretará as normas de convivencia recollidas no NOF e fará as normas de aula. Coa existencia explícita destas normas o que se pretende é:
  - Crear grupo
  - Favorecer que o grupo participe dos obxectivos de aprendizaxe
  - Favorecer a comunicación-interacción
  - Xenerar o sentido de pertenza



UNIÃO EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- Favorecer a organización do grupo (roles de tarefa e afectivos)
- Ter en conta as necesidades e intereses do grupo e dos individuos.
- As asambleas: as titorías grupais son de gran importancia para debatiro cumprimento das normas, o clima de aula, así como calquera problema que xurda.
- A aprendizaxe cooperativa: a acción cooperativa é máis que o traballo en grupos , conleva a realización de pequenos proxectos, é dicir, a posta en práctica de forma colexiada dun traballo común, cunha intención determinada, que se plasma nunha realización final tanxible. Implica, ademáis, o diálogo para chegar a acordos , o cumprimento deles e a planificación –realización - avaliación deses proxectos de traballo, que deben implicar a cada alumno e alumna na medida das súas posibilidades.
- Avaliación de titorías: Ao rematar cada curso escolar a orientadora entregará a cada titor unha folla de avaliación sobre a titoría que, ademáis, incluírá un apartado para que se valore nunha escala do 0-4 (menos valorado a máis valorado) o clima social do grupo-clase. Cuestións a ter en conta para a formación de grupos no seguinte curso.
- Formación de grupos: Estudiar no mes de xuño e setembro a formación dos grupos en base aos criterios que se establezan no Plan de Atención á Diversidade.
- Compromiso de todos coas efemérides: No primeiro claustro, durante a revisión do calendario escolar, fomentárase dende o equipo directivo a implicación dos departamentos didácticos coa organización das efemérides máis afíns á materia ou materias que lles sexan adscritas Lembremos que seguindo a normativa vixente que regula o calendario escolar establécese *que durante o curso escolar celebráranse como mínimo, as seguintes conmemoracións:*
  - *Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia*
  - *10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos*
  - *Día da Paz*
  - *8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora*
  - *Día Mundial dos Dereitos do Consumidor*
  - *Semana da Prensa*
  - *Día do Libro*
  - *7 de abril: Día Mundial da Saúde*



UNIÃO EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- *9 de maio: Día de Europa*
- *Letras Galegas*
- *5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.*

### **Liña 5. A formación do profesorado**

- Formación permanente do profesorado sobre convivencia e clima escolar mediante a creación do grupo de traballo "Deseño de protocolos de actuación para a convivencia e adaptación de documentos e recursos para atender á diversidade".
- Impulsar proxectos de formación e innovación contextualizada no propio centro, sobre aspectos directamente relacionados co clima escolar.
- Participar na oferta de actividades formativas (xornadas, encontros, congresos) para difusión e intercambio de experiencias de boas prácticas educativas.
- Formación por conta propia en educación emocional. Como "formadores de personas" é fundamental que o profesorado desenvolva estratexias non violentas para afrontar os conflitos e unha boa competencia social.

### **Liña 6. Programa de orientación familiar. Espazos Familias**

No desenvolvemento normativo actual, en materia de convivencia, amósase grande interese polo papel que as familias do noso alumnado desenvolven en todo o seu proceso educativo e, polo tanto, trátase de ofrecer diferentes vías de participación. Tendo en conta este desenvolvemento normativo, cómpre indicar que o plan de convivencia de cada centro recollerá, de ser o caso, a creación da escola de nais e pais do centro, segundo se indica no artigo 27 do Decreto 8/2015.

Os compromisos das nais e pais, ou titoras e titores, referidos á convivencia no centro educativo:

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos ou fillas.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

– Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

No noso centro, as escolas de pais e nais adoitan unha nomenclatura e un carácter máis actualizado a través dos ESPAZOS FAMILIAS. Estas actuacións pretenden converterse en grupos de aprendizaxe con expertos a través dun ciclo trimestral de charlas – coloquio e outras modalidades de formación a modo de reflexión, dialéctica e asesoramento grupal, partindo de que hai unhas necesidades de formación comúns a moitos contextos familiares. Este marco será privilexiado para propoñer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. Estas propostas serán elevadas ao Consello Escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

Asemade, contamos co Programa de Orientación Familiar que se rebela como un instrumento de asesoramento e formación sistemático e accesible ás familias. Dito programa abrangue aos demais Departamentos de Orientación de zona adscritos a este instituto e canalízase a través de diversas actuacións, tales como:

- Acollida inicial ás familias
- Asesoramento individualizado ás familias
- Mediación familia-escola
- Apoio do Departamento de Orientación nas titorías de pais/nais
- Coordinación periódica con servizos sociais a través da psicóloga e a educadora familiar para mellorar a intervención familiar naqueles fogares en situación de desventaxa económica-social ou por desestructuración familiar.
- Entrevistas periódicas titor- familia: débense ter claros os obxectivos da mesma, para concentrar esforzos en conseguilos e evitar desviacións. Ao rematar a entrevista a familia debe ter claros os acordos tomados e as implicacións educativas e familiares que se derivan dos mesmos. Estes acordos conformarán os denominados compromisos pedagóxicos.

Algúns dos obxectivos posibles son, a saber:

- escoitar (escoita activa)
- informar
- recoller información
- conseguir colaboración da familia
- conseguir compromisos
- orientar e asesorar



- adoitarmos estratexias comúns

Para que a entrevista sexa efectiva hai que ter en conta unha serie de precaucións, a saber:

Ter en conta	Evitar
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Preparar a entrevista e recoller, con antelación, información do rendemento e conducta do alumno en todas as materias.</li> <li>▪ Crear un clima positivo de confianza e colaboración.</li> <li>▪ Ter claro o obxectivo da entrevista e facelo explicitar ao principio.</li> <li>▪ Amosar unha actitude comprensiva e empática, poñerse no lugar dos pais.</li> <li>▪ Facer recapitulacións de vez en cando</li> <li>▪ Deixar que os pais se expresen con liberdade</li> <li>▪ Centrarse no tema, cunha linguaxe sinxela e directa</li> <li>▪ Non ter presa nin aparentala</li> <li>▪ Non falar demasiado</li> <li>▪ Non facer xuízos prematuros</li> <li>▪ Facer preguntas máis delicadas na metade da entrevista</li> <li>▪ Axudar a clarificar a situación sen impoñer solución.</li> <li>▪ Centrarse no futuro</li> <li>▪ Rebaixar a tensión e a hostilidade como precondición para abordar calquer tema</li> <li>▪ Postergar a entrevista cando están agresivos ou non queren avanzar</li> <li>▪ Ao final facer un resumo dos acordos e compromisos</li> <li>▪ Agradecer a colaboración</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Converterse en xuíz</li> <li>• Convertir a situación nun interrogatorio</li> <li>• Querer controlar a situación totalmente</li> <li>• Limitarse a dar a información</li> <li>• Presentar o problema como algo irresoluble</li> <li>• Buscar culpables</li> <li>• Tomar partido só polos pais ou só polo alumno</li> <li>• Amosar presa</li> <li>• Querer resolver todo nunha soa entrevista</li> </ul>

As entrevistas coas familias realizaranse na "sala de atención a pais/nais" habilitada para tal fin. Cando o titor /a considere necesaria a participación da orientadora ou calquera outro membro do departamento de orientación ou do equipo directivo a reunión poderá realizarse nestes departamentos.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

## **Liña 7. Atención á diversidade**

A atención educativa, en xeral, e a atención curricular, en particular, revélanse como estratexias de intervención privilexiadas para reducir os problemas de convivencia. De aí a necesidade de atender á diversidade de intereses, motivacións, capacidades diversificando e adaptando a metodoloxía e os demais elementos do currículo.

O deseño da liñas básicas que segue o centro educativo na atención á diversidade contemplarase na Concreción Curricular e no Plan de Atención á Diversidade.

## **Liña 8. Implicación de todos os sectores da Comunidade Educativa**

- Implicación das familias na convivencia, especialmente a través da colaboración coas asociacións de pais e nais.
- Reunión semanal cos Servizos Sociais de Atención Primaria. Asemade coordinámonos mediante este servizo coa Fiscalía de Menores, nos casos de desamparo, negligencia e malos tratos no entorno familiar, así como nos casos máis graves de absentismo.
- Coordinación e colaboración con Organizacións Xuveniles e Culturais do Concello.
- Coordinación e colaboración co Concello para desenrolar programas e actuacións enmarcadas nos Plan de Coeducación e Igualdade.
- Coordinación e colaboración coa Cruz Vermella para desenvolver programas e actuacións enmarcadas nos Plans de Prevención de Drogodependencias.
- Participación do alumnado:
  - Elección de delegado/a: a elección de delegado/a debe realizarse de forma seria e rigurosa, require dunha planificación por parte do titor e dunha preparación grupal e individual por parte do alumnado.
  - Fomentar a responsabilidade compartida nas tarefas de liderazgo formal dentro de cada aula mediante a elección de delegados e subdelegados de curso.
  - Implicación no acondicionamento e xestión da aula e demais espazos comúns: pintura de aulas e pasillos, decoración con traballos, premios ou fotos de momentos significativos como excursións e festexos, coñecemento dos gastos do centro en reparacións e mantementamento do mesmo, etc.
  - Brigada de mantemento: un grupo de alumnos voluntarios que se ocupan de todas as labores relacionadas co acondicionamento e mantemento das instalacións do centro, titorizados polo profesorado de tecnoloxía.





- o O puntómetro: é un sistema de incentivos onde se concede unha recompensa ao grupo-clase que máis vele polo coidado e limpeza da súa aula.
- Participación da familia: mediante as xornadas de Portas Abertas ás familias do alumnado de nova incorporación ao centro e os ESPAZOS FAMILIA.

### **Liña 9. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso**

Ver Anexo

### **Liña 10. Programas para a adquisición de habilidades e competencias sociais**

Os programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, ou actuacións similares que contribúan a un desenvolvemento equilibrado das competencias persoal e social, son fundamentais como medida de prevención para evitar que nos centros educativos se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa. A Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente. Ademais, tanto a citada lei como o artigo 24 do Decreto 8/2015 establecen este tipo de programas tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou mesmo para a súa atención na aula de convivencia inclusiva, tal como se mencionou anteriormente. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

#### **1. Fundamentación do programa**

As habilidades e competencias sociais son un conxunto de hábitos ou estilos (que inclúen comportamentos, pensamentos e emocións) entre os que están:

- Asertividade: é o xeito de actuar que lle permite a unha persoa expresar os seus pensamentos e sentimentos sen negar os dos demais.
- Empatía: habilidade que nos permite comprender e experimentar o punto de vista doutros sen ter que estar de acordo.
- Saber escoitar: escoitar con comprensión e coidado, saber o que a outra persoa trata de comunicarnos e transmitir que recibimos a súa mensaxe.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- Definir un problema: analizar a situación, tendo en conta os elementos obxectivos, así como os sentimentos e necesidades.
- Avaliación de solucións: analizar as consecuencias que cada solución terá a curto e longo prazo para as persoas implicadas.
- Negociación: comunicación dirixida a atopar unha alternativa de solución que resulte aceptable para ambas as partes.
- Capacidade de desculpa: capacidade de darse de conta dos propios erros cometidos.

## 2. Finalidade educativa

No contexto educativo, este tipo de programas pretende para o alumno obxecto do mesmo:

- Potenciar o contacto da persoa cos seus sentimentos, favorecendo tanto a súa identificación como a súa expresión.
- Desenvolver e construír habilidades de comunicación, é dicir, capacidade de emitir e recibir mensaxes a través da comunicación verbal e non verbal.
- Clarificar valores, saber tomar decisións, analizar a conduta, cooperar con outros, aprender a resolver conflitos e aprender a organizarse.

Ademáis, as competencias socioemocionais traballadas permiten:

- Mellorar o clima de convivencia da aula.
- Favorecer o rendemento académico.
- Mellorar as relacións interpersoais.

## 3. Estratexias de intervención

Os requisitos para a posta en marcha dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais son:

Concienciación de todo o centro educativo nas seguintes cuestión educativas:

- Nas habilidades e competencias sociais e na aprendizaxe emocional como aspecto fundamental do desenvolvemento persoal do alumnado.
- Crer firmemente nos beneficios que ofrece este tipo de intervencións.
- Crer en que todas as persoas poden mellorar no seu comportamento.
- Implicación de toda a comunidade educativa na súa aplicación.

Implicación máxima de diferentes órganos:

- Departamento de orientación: responsable do deseño e desenvolvemento do programa. Xunto coa implicación do equipo directivo: información ao claustro de profesorado das accións que se pretenden poñer en marcha e os obxectivos que



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

se pretenden acadar. Buscar un equipo de profesorado motivado e implicado no proxecto para traballar. Detección de necesidades específicas que hai que traballar. Formación, deseño, asesoramento, implantación e supervisión das actividades. Facer un plan grupal e/ou un plan individualizado para cada alumno ou alumna, de ser o caso. Información constante ao profesorado titor correspondente. Avaliación e seguimento do programa. Exposición de resultados ao claustro de profesores.

- Equipo directivo: apoio constante ao departamento de orientación e ao equipo de profesorado implicado no programa. Dar todas as facilidades posibles para o bo desenvolvemento do programa. Información inicial ao consello escolar como máximo órgano de representación do centro. Motivación e implicación do equipo de profesorado, especialmente profesorado titor e claustro.
- Profesorado titor: información ao departamento de orientación e ao equipo de profesorado implicado das características do seu alumnado obxecto do programa. Seguimento das actividades e habilidades traballadas na aula. Reforzo positivo e constante do traballado na aula. Comunicación ás familias dos progresos conseguidos para o posterior reforzo e valoración desde a casa. Realización de diferentes actuacións. Accións formativas que dirixan a súa intervención a desenvolver capacidades e habilidades que se poidan adestrar e mellorar ao longo da vida dos individuos.
- Ademáis enmarcarase dentro dunha serie de acción globais, prolongadas no tempo, que permitan a posta en práctica das habilidades e competencias traballadas entre sesións. Intervencións repetidas durante a etapa educativa dos destinatarios, con continuidade en cada curso escolar, para favorecer as habilidades máis significativas ou con maior dificultade de adquisición. Programas que favorezan a extrapolación das habilidades e competencias de relación interpersoal a diferentes contextos.

#### **4. Características do alumnado destinatario**

O alumnado destinatario dese programa é aquel que por condición personal, historia familiar e/ou historia escolar, así como por circunstancias persoais, sociais, escolares ou familiares, conorra en comportamentos disruptivos que alteren significativamente o clima social e de traballo na aula e a convivencia no centro.

#### **5. Obxectivos xerais**

- Promover o desenvolvemento nas diferentes dimensións da persoa.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- Mellorar o autoconceito do alumnado.
- Adquirir a capacidade de reflexionar criticamente sobre as súas condutas e unha actitude positiva ante os conflitos e problemas persoais e grupais; facéndose protagonista da súa aprendizaxe e responsable nas súas eleccións.
- Axudar o profesorado na mellora do clima de convivencia na aula e no centro.
- Cooperar coas familias (e con axentes e servizos externos intermediarios) na mellora da formación dos seus fillos e fillas como persoas e nas súas relacións sociais.

## **6. Obxectivos específicos**

- Mellorar o autoconceito do alumnado.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal: que o alumnado coñeza os seus dereitos básicos como persoas que interaccionan e saiban defendelos asertivamente.
- Dialogar e traballar en situacións de interacción entre iguais, utilizando as normas sociais básicas: que o alumnado sexa capaz de presentarse a si mesmo ou a outras persoas, poder iniciar unha conversa con certa facilidade e identificar distintas formas de facer amigos.
- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais: que o alumnado sexa capaz de diferenciar os distintos tipos de comportamentos analizando as consecuencias de cada un deles, reflexionar sobre o seu propio comportamento e elixir actuar de xeito asertivo.
- Ofrecerlle ao alumnado as formas adecuadas para resolver conflitos: diferenciar os distintos roles que se poden dar dentro dun grupo e analizar os conflitos que estes poden producir na dinámica grupal para poder resolvelos positivamente, recoñecendo a presión que pode exercer o grupo en distintas situacións e desenvolvendo estratexias para responder a esta presión.
- Tomar decisións importantes, baseadas na reflexión e na crítica e identificando os influxos que poden afectar as súas decisións.

## **7. Contidos**

- Para o alumnado:
  - Os sentimentos, as habilidades sociais, os dereitos e deberes, as regras ou normas, o autoconhecimento, o recoñecemento das emocións nun mesmo e nos demais, o manexo das emocións (autocontrol), os tipos de pensamento, os tipos de comportamento (asertivo, agresivo e pasivo), dar queixas de forma axeitada, saber dicir non, os conflitos, a toma de decisión individual.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

- Para a aula e centro:
  - A elección de delegado, a elaboración de normas de aula e centro, o recoñecemento de diferentes pensamentos e emocións e aprender a usalas de xeito positivo, a resolución de dilemas morais de xeito cooperativo, o coñecemento e emprego na vida diaria de habilidades sociais básicas, o desenvolvemento da capacidade de autocontrol do propio comportamento, a realización dun sociograma, a práctica dun roll-playing e dramatizacións, o adestramento cognitivo, moral e emocional, o coñecemento dos propios sentimentos e dos sentimentos dos demais, a definición e diagnóstico de problemas, a busca de explicacións e toma de decisións... O diálogo e comunicación (respecto da quenda de palabra e escoita aos demais, creación dun ambiente de participación, diálogo e respecto mutuo, crítica positiva), a colaboración e cooperación cos demais (axuda mutua, traballo en equipo, importancia da solidariedade), a responsabilidade (desenvolvemento autónomo e adecuado en diferentes situacións), o respecto e cumprimento das normas propostas e aceptadas pola maioría (dereitos e deberes), o respecto e aceptación das diferenzas individuais, a apertura á participación cooperativa nas actividades propostas en beneficio propio e do grupo, actitude crítica e responsable coas actuacións propias e dos demais na prevención e resolución de conflitos e na mellora da convivencia...

## **8. Metodoloxía**

Dinámicas atractivas en función da súa idade. Evolución progresiva cara a adultez. Adaptar as habilidades a cada grupo e características do alumnado. Que o alumnado, en especial cando se trate de adolescentes, se sinta protagonista da súa propia aprendizaxe, potenciar a máxima participación do alumnado e partir do que saben: que dea a súa opinión, que se atreva a facer preguntas, que poida amosar acordo ou desacordo ante a postura do profesorado nun tema, reforzar ao que participa, aproveitar calquera conduta boa para reflectila. Utilizar o eloxio de ideas e opinións, comportamentos, éxitos académicos, aptitudes, amigos, personalidade...Adecuar a proxección do profesor ou profesora ao contexto: ser modelo do alumnado, tratalo como queiramos que se comporte, comunicarlle o que esperamos del. Actitude de flexibilidade/firmeza. Utilización da primeira persoa. Emprego de reforzos positivos.Traballo en equipo entre profesorado. Contacto continuo entre profesionais implicados, especialmente co departamento de orientación.Favorecer un ambiente positivo.Non é conveniente descualificar o alumnado, etiquetar, caer no "colegueo". Non perder de vista o obxectivo



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

do programa. Actividades enfocadas a adestrar as habilidades de escoitar, as habilidades de negociar, habilidade de desculpase, habilidade de resistir presións.

## 9. Avaliación do programa

Valorar os resultados obtidos, os cambios producidos na competencia social do alumnado e a súa repercusión na mellora da convivencia no centro, logo da aplicación do programa. Os instrumentos utilizados serán: rexistro de conducta (Xefatura de Estudos), valoración psicopedagóxica (Departamento de Orientación) a integración efectiva en aula e a redución de condutas disruptivas ao igual que o aumento de comportamentos prosociais (Titor/a e ou Equipo Docente.)

### Liña 11. Aula de convivencia

É un espazo físico para a reflexión, revelándose como unha alternativa á expulsión de aula ou do centro e configurándose como unha resposta pacífica e resolutive aos conflitos. Basicamente compre duas funcións:

- ✓ atender ao alumnado que non pode permañecer na súa aula por se ver envolto nun conflito (con compañeiros ou profesorado)
- ✓ derivar a persoa e o problema a outra instancia resolutive de conflito do centro, (enténdese pois que se esgotaron outras medidas máis ordinarias).

A Aula estaría atendida un número determinado de horas á semana según a disposición horaria do profesorado e dos membros do equipo directivo.

Traballaríase con dous protocolos:


**Caso a)** Unha vez acontecido o conflito, o profesor que estea na clase cobre o parte de incidencia relatando o sucedido. O alumno acode á Aula de Convivencia co delegado ou co profesor de garda; unha vez alí, a persoa a cargo da aula faille cubrir unha ficha de reflexión. Seguidamente, o alumno fará unhas actividades de reforzo e recuperación previamente arquivadas na Aula. O parte de incidencias seguirá o cauce normalizado (titor e, se fora oportuno, Comisión de convivencia).

**Caso b)** Unha vez tratado o conflito na Comisión de Convivencia pode acordarse como corrección que o alumno acuda un certo número de sesións á Aula de Convivencia a que realice actividades (pedagóxicas e/ou curriculares segundo se determine).

## Liña 12. Estratexias de xestión e conflitos na aula

- A contribución do profesor á mellora do clima relacional e do rendimento dos seus alumnos depende fundamentalmente da súa capacidade de *xestión ou conducción da clase*
- O profesor é un xestor de condicións que está permanentemente de forma consciente ou inconsciente, creando oportunidades favorables ou desfavorables: contribúe á convivencia ou á disrupción, á atención ou á distracción, ao traballo ou á pasividade...
- A xestión eficaz supón a manipulación en beneficio propio e do alumno, das variables referidas aos tres elementos inmediatamente presentes na aula: o alumno, o currículo e o propio profesor.

### O CONTROL E A XESTIÓN DA CLASE. ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DE CONFLICTOS NA AULA





<b>XESTIÓN DA AULA</b>		
<b>CONTROL DA AULA</b>	<b>RELACIÓNS</b>	<b>RENDEMENTO</b>
Fixación de límites: MEDIANTE normas implícitas e explícitas Mantemento de normas: MEDIANTE: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Límites</li> <li>▪ Advertencias</li> <li>▪ Compromisos</li> <li>▪ Sancións</li> <li>▪ Derivacións</li> </ul>	Relación alumno-alumno Relación profesor-alumno As relación deben ser cálidas, respetuosas e prosociais. Requiren desenvolver as seguintes competencias socioemocionais: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Autocontrol</li> <li>▪ Asertividade</li> <li>▪ Empatía</li> <li>▪ Roles</li> <li>▪ Comunicación</li> <li>▪ Relación coas familias</li> </ul>	Procurar un rendemento académico óptimo de todos e cada un dos alumnos, o cal non significa que todos deban rendo mesmo, senón o máximo dentro das súas posibilidades As variables a coidar son: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actitude</li> <li>▪ Motivación</li> <li>▪ Atención</li> <li>▪ Resiliencia</li> <li>▪ Atribución causal</li> <li>▪ Atención á diversidade</li> </ul>



## Disciplina e xestión democrática

A xestión democrática baséase na participación do alumnado na xestión da aula mediante a elaboración das normas de convivencia, a elección de delegado, as assembleas ... O profesor debe garantir, ou cando menos posibilitar, que a aula debe ser un espazo para exercer os dereitos e deberes da cidadanía

A disciplina na aula debe basarse no DIÁLOGO, no RAZONAMENTO, na NEGOCIACIÓN e na PERSUASIÓN. O que pretende é a coesión e confianza, integración, autoestima positiva, autonomía e a emancipación, empatía, boas relacións interpersonais e a aprendizaxe cooperativa. Debe evitar a exclusión, o medo, ameazas, sumisión, ridiculización ou humillación, silencio como norma constante, dominio, indiferencia, trato impersonal, derrotismo e competitividade.

A disciplina democrática iníciase na discusión e negociación das normas de convivencia que regulen a convivencia.

Características das normas:

- As normas han de estar nun lugar visible
- Ser motivo de reflexión ao longo do curso
- Ante un conflito ou situación nova non prevista, analizar o sucedido coas normas que pouco a pouco se van aprobando

Si a situación xa tiña o seu reflexo nas normas, analizar e si é necesario modificar a norma ó corexir o comportamento. Si a situación non tiña correspondencia cunha norma de clase se propón unha nova tras ser discutida, sentida e aprobada por parte de toda a clase.

Progresivamente conformamos o panel coas normas da clase.

Será necesaria a implicación de todos na discusión e elaboración das normas de convivencia e garantir o maior coñecemento posible das mesmas.

**O panel colocarse nun sitio visible, operativo e será firmado polos alumnos e profesorado do grupo.**

O delegado de gupo elevará a proposta de normas á Asamblea de Delegados.



UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n

15930 BOIRO - A CORUÑA

☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

Premisas básicas para ter en conta á hora de xestionar a clase:

- A creación de condicións favorables é a base para que se produza a aprendizaxe.
- O profesor debe promover condicións idóneas conxuntamente cos seus alumnos, para o cal precisa planificalas e coordinalas con outros profesores.
- Sempre se están creando condicións de atención ou distracción, de convivencia ou de disrupción. O que non actúa permite.
- O profesor debe adaptarse funcionalmente á situación, rectificando o disfuncional e rediseñando situacións novas.
- O profesor debe ser un entrenador de competencias que o alumno non posee e debería poseer, pero antes debe dominar él ditas competencias. Non se pode existir o que non se ten.
- A actuación improvisada e en solitario é a vía máis directa para ter problemas.

Variables a ter en conta na xestión da aula:

- Distribución e ocupación do espazo, visualizando a todo o alumnado
- Distribución e uso do tempo
- Discurso do profesor e interacción verbal
- Interacción non verbal e paraverbal
- Reacción inmediata ante a disrupción
- Estilo motivacional
- Preparación e xestión das actividades e das tarefas de aprendizaxe
- Uso do eloxio e do reforzo
- Distribución do poder e exercicio de autoridade dentro da aula

Condicións para facer da aula un espazo de convivencia:

- Crear grupo
- Xestionar a aula dende a disciplina democrática
- Implementar programas específicos de intervención: habilidades de vida, resolución de problemas, dilemas morais, educación para a Paz...



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES PLURILINGÜE A CACHADA**

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n  
15930 BOIRO - A CORUÑA  
☎ 881 86 67 17 📠 881 86 67 18  
[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

## **5. Avaliación e seguimento do plan**

O Plan de Convivencia do centro forma parte da Concreción Curricular e do Proxecto Educativo e, polo tanto, está suxeito a un proceso de revisión continua no marco da Comisión Pedagóxica, do Claustro e do Consello Escolar.

A titoría, o equipo directivo e o departamento de orientación serán órganos activos no seguimento e avaliación do Plan de Convivencia. En todo caso, deseñaranse instrumentos de avaliación da convivencia e do clima social do centro, para "dar voz" a todos os sectores da Comunidade Educativa acerca deste tema.